| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Utilizar estratexias que faciliten a comunicación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico. | Comparar as distintas linguas que coñece co francés. | | |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Utilizar estratexias de aprendizaxe. | | |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Ser consciente dos progresos e das dificultades. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Rexeitar os estereotipos que supoñan unha discriminación. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos. | Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística dos países francófonos. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participar en proxectos plurilingües. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar convencións orais e escritas básicas da lingua francesa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e |

Contidos

- dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progresa cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios.
- Coa finalidade de promover a comprensión lectora, valorarase a posibilidade de adicar un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (banda deseñada, lecturas recomendadas, etc.).
- Recursos dixitais: Farase un uso habitual de Edixgal para a realización de tarefas, probas, comunicacións... así como de páxinas web interesantes pola diversidade de propostas didácticas (lepointdufle.fr, tv5monde...).

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--------------|
|--------------|

| |
|--------------------------------|
| Edixgal |
| Material de elaboración propia |
| Documentos auténticos |
| Xogos |
| Libros adaptados |
| Páxinas web vinculadas ao FLE |
| Dicionarios en papel e en liña |
| Probas tipo DELF |

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Posto que é o primeiro ano no que o alumnado estuda a lingua francesa, adicaremos á avaliación inicial únicamente dúas sesións durante as cales o obxectivo é despertar o interese pola nova lingua estranxeira. Nelas, descubrirán que en realidade xa teñen coñecementos de francés grazas a palabras que adoptaron o castelán ou o galego, como "croissant" ou "baguette". Co obxectivo de motivalos, faremos actividades nas que aparecen palabras chamadas transparentes, é dicir, que son tan parecidas á súa lingua natal que poden deducir facilmente o significado.

Traballaremos tamén o aspecto cultural a través de elementos de cultura xeral. Por exemplo: a Tour Eiffel en arquitectura, os crêpes en gastronomía, etc. E escoitaremos a famosa "Ramenez la coupe à la maison", que sigue

sendo escoitada a día de hoxe polo seu ritmo pegadizo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 15 | 15 | 25 | 25 | 100 |
| Proba escrita | 35 | 25 | 28 | 25 | 32 | 32 | 30 |
| Táboa de indicadores | 65 | 75 | 72 | 75 | 68 | 68 | 70 |

Criterios de cualificación:

A materia de II Lingua estranxeira: Francés réxese polo criterio de avaliación continua. Isto implica que para aprobar a materia o alumno deberá ter superada a 3ª avaliación. No caso de que o alumno prograse de xeito notable ao longo do curso, a nota final corresponderase coa da 3ª avaliación. Se, no caso contrario, o alumno ten unha progresión irregular, procederase a calcular a nota final segundo aparece especificado no punto 3.1: 1ª avaliación: 20%, 2ª avaliación: 30% e 3ª avaliación: 50%.

Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos, sen redondeo previo.

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, dacordo coa ponderación proposta para cada un deles:

A. Probas escritas obxectivas (exames): 40% da nota.

Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Procurarase levar a cabo alomenos dúas probas dese tipo por trimestre, unha por cada unidade.

B. Probas orais, presentacións, traballos para entregar: 40% da nota (Estas probas son obrigatorias, e de non entregalas, o alumnado non poderá superar a materia).

Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Procurarase levar a cabo alomenos dúas probas dese tipo por trimestre, unha por cada unidade.

C. Traballo diario na aula: 20% da nota.

Ao comezo de cada trimestre, o alumno disporá de 2 puntos iniciais que se irán reducindo cada vez que o alumno non traía os deberes, non traía o material (caderno, fichas e ordenador), non faga ou non corrixa as tarefas propostas na clase, e dun modo xeral, a cada vez que o alumno non teña a actitude adecuada na aula.

Como se indica anteriormente, tanto para o apartado A coma para o B, procurarase levar a cabo alomenos dúas probas (20% + 20% da nota en cada apartado), pero de non poder cumprilo por falta de tempo ou calquera outra circunstancia, só se fará unha, que suporá por ela sola o 40% da nota.

Todo alumno que reciba máis de 5 partes de incidencia ao longo do ano por falta de orden non poderá superar a área de francés, xa que denotaría unha falta total de respecto ás normas de convivencia.

Tampouco poderá superar a área aquel alumnado que non entregue algún dos traballos solicitados no apartado B.

A cualificación final da avaliación trimestral será calculada polo tanto da seguinte maneira:

$CUALIFICACIÓN = \text{Apartado A} \times 0.4 + \text{Apartado B} \times 0.4 + \text{Apartado C} \times 0.2$

A cualificación expresarase en números enteiros nos boletíns de notas. Non obstante, a cualificación final das diferentes avaliacións poderá expresarse cun decimal, co que neste caso, redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Malia todo, para ter a cualificación de aprobado, haberá que acadar un 5 sen o redondeo previo. Así, no caso de acadar unha nota de 4,7 por exemplo, non se redondeará ao 5 e a nota do boletín será un 4.

Segundo a Orde do 27 de decembro que modifica o calendario de final de curso, as clases rematarán o 21 de xuño, en vez do 6 como estaba estipulado inicialmente. Nesas dúas semanas engadidas no terceiro trimestre faremos un

repaso de todos os contidos traballados durante o curso así como as probas oportunas para aquel alumnado que non tivese acadados os contidos mínimos esixíbeis.

Criterios de recuperación:

O método de avaliación empregado é contínuo, progresivo e sumativo, co cal todos os contidos vanse acumulando dunha avaliación para outra. Por isto, consideraremos que un alumno ten superada a primeira avaliación se aproba a segunda e, do mesmo xeito, terá superada a segunda se aproba a terceira.

O alumnado que non superara no mes de xuño nin a primeira avaliación, nin a segunda, nin os exames correspondentes á terceira avaliación, terá a oportunidade de recuperar a materia a través dun exame final escrito que recollerá a totalidade dos contidos vistos ao longo do ano. Este exame farase antes da avaliación final, que coincide coa terceira avaliación parcial, segundo a Orde do 27 de decembro mencionada no apartado anterior. Para superar o exame, o alumnado terá que obter unha nota mínima dun 5, sen redondeo previo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Posto que se trata do 1º curso da ESO, non hai alumnado coa materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira levaremos a cabo as seguintes accións:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
 - b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
 - c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
 - d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.
- As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

De ser necesario, cando a repetición non se deba a unha evidente falta de traballo, porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditalo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros

cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.).

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuir a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Proporáselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, aplicaríase algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | X | X | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | X | X | |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a saúde | | | | X | X | X |
| ET.11 - Formación sobre o cambio climático, a sostibilidade e o consumo responsable | | | | X | X | X |
| ET.12 - Respecto e colaboración entre iguais | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Prevención de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|---|--|
| Hora de ler | No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en francés. |
| Club de lectura | Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Propóranse lecturas de autoras/es francófonas/os e/ou en francés. |
| Teatro/cine en francés | Se hai oferta, acudirase ver algunha obra teatral en francés ou película en VOS. |
| Chandeleur | Arredor do 2 de febreiro celebrarase a Chandeleur, propoñendo a realización e degustación de crêpes. |
| Semaine de la Francophonie | Segundo o calendario oficial, poderase celebrar a semana da francofonía, propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtas, degustación de produtos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc. |
| Actividades, exposicións, certames ou actos culturais | O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico. |
| Xogos, exposicións, actividades e concursos | O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras. |
| Chanson plurilingue | Preparación e interpretación dunha canción plurilingüe en francés e noutras linguas nalgúns dos festivais públicos escolares. |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Resultados de avaliación. |
| Nivel de satisfacción do alumnado. |
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos. |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA. |

| |
|---|
| Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación. |
| Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. |
| Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver. |
| Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA. |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. |
| Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA. |
| Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA. |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. |
| Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. |
| Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. |

Descrición:

Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, levarase a cabo un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación.

Valoraranse os puntos seguintes:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe a través da autoavaliación que se levará a cabo ao finalizar as diferentes unidades.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.

- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.

O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
- b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.
- c) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:
 - Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
 - Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
 - As dificultades atopadas.
 - Os factores que influíron nas dificultades.
 - Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
 - As propostas de innovación necesarias.
 - Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
 - As medidas de atención á diversidade utilizadas.
 - Valoración da metodoloxía empregada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados